

CONCEPTO DE POBREZA

Con esta actividade traballamos

Relación de accións concretas que realizamos cos ODS.

Reflexión lóxica e traballo en equipo.

Entender os ODS como unha realidade complexa e interconectada.

Están incluídos todos os ODS salvo o 16.

Durará

Unha sesión

Necesitaremos

Infografía da Pobreza Multidimensional [Enlace](#)

Consideracións previas

Cando se comparten as ideas sobre a pobreza nun grupo, é posible que se centren moito na falta de recursos económicos ou de alimentos. A pobreza non debe interpretarse só como falta de ingresos. Por iso, nesta actividade queremos traballar o concepto de Pobreza Multidimensional, concepto que valora a pobreza a partir de tres dimensións que, á súa vez, desagreganse nun total de dez indicadores. Pode atoparse máis información sobre esta en [2022 Global Multidimensional Poverty Index \(MPI\) | Human Development Reports \(undp.org\)](#)

Vaise partir das ideas previas do alumnado a partir da dinámica *Espremendo palabras*.

Desenvolvemento

Realizar as tres fases da dinámica *Espremendo palabras*, dicindo na fase 1 a palabra pobreza. Neste caso, poderían escribir como axuda:

“A pobreza é...”

polo que se acorda entre todos e todas, unha única definición de pobreza.

Hai que reflexionar

A continuación, preséntanse as dúas primeiras pantallas da infografía, e reflexiónase sobre elas, tendo sempre presente a definición de pobreza que saíu na actividade e pregúntase á clase:

- Que vos parece o dato do número de pobres que hai no mundo (16 persoas de cada 100)? Pensabades que serían máis ou menos?
- Igualmente, Parcévos grande ou pequeno o número de persoas que carecen de electricidade (8 de cada 100) ou de auga (6 de cada 100)?

Pedir que comenten cousas que facedes a diario que non poderíades facer sen ter diñeiro, por exemplo, ou sen electricidade (xogos, redes sociais, vídeos, ...),

- Considerando os impedimentos expostos anteriormente, Considerades importante que sexan poucas persoas a nivel global as que carecen de electricidade?

Seguidamente vese a seguinte pantalla na infografía, co exemplo da falta de leña ou auga para cociñar e convídase a que respondan á seguinte pregunta.

- Erades conscientes do importante que é ter leña ou outro combustible para cociñar? Poderíase facer a comida nesas condicións?
- Considerastes o que podería significar non ter auga? Por exemplo, o que pode supoñer non poder lavarse (saúde, benestar, facer amigos e amigas etc.)/ etc.)

Mirar o final da infografía, coa explicación do concepto de pobreza multidimensional.

- Parcévos adecuado este enfoque da pobreza? Algún destes elementos relaciónase coa definición que saíu antes na clase?
- Unha vez visto isto, a definición da clase, parécenos que é unha definición completa?

Neste momento podería introducirse unha reflexión sobre situacións que consideran de pobreza, pero que se dan na nosa contorna máis próxima.

- Na túa contorna próxima, identificas persoas que poidan estar en situacións de pobreza?
- Identifícade situacións nas que podería haber persoas vivindo en situación de pobreza Multidimensional ou próxima a ela.
- Pensade accións a adoptar que non sexan dar esmola. Por exemplo: se algunhas destas persoas preguntásenvos, coñecedes institucións onde podedes dirixilas para que busquen axuda?